

Coruña), que linda: norte e oeste con Antonio Fraga López; sur, estrada de situación AC-564; e leste, Horacio Paz Allegue. Correspóndese coas referencias catastrais de rústica 15018A018001720000RZ e 15018A018050070000RF.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2008.

P.D. (Orde 18-9-2006)
Inmaculada Viña Carregal
Secretaria xeral e do Patrimonio

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 26 de maio de 2008 pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para o cofinanciamento do Programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo nos concellos de Galicia para o ano 2008.

O Estatuto de autonomía de Galicia declara no seu artigo 31 a competencia plena da Comunidade Autónoma galega para o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo das limitacións impostas polos artigos 27 e 149 da Constitución española.

A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, no seu preámbulo atribúe a responsabilidade do éxito escolar ao/á alumno/a individualmente, pero tamén ao apoio das familias, do profesorado dos centros docentes, das administracións educativas, e da sociedade no seu conxunto, xa que é esta a responsable última da calidade do sistema educativo.

A disposición adicional décimo quinta desta lei establece que corresponde ás administracións educativas establecer o procedemento para o uso dos centros docentes que dependan delas, por parte dos concellos, fóra do horario lectivo para a realización de actividades educativas, culturais, deportivas ou sociais, así como que este uso quedará suxeito ás necesidades derivadas da programación das actividades dos devanditos centros.

O Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, enumera dentro das súas funcións o deseño e elaboración de programas de mellora dos recursos educativos complementarios.

Por outra parte, cabe sinalar que o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece como competencia propia dos concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, a promoción de toda clase de actividades e a prestación de servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, engadindo, nese mesmo artigo, que exercerán as competencias en materia de actividades e instalacións culturais e deportivas, e nas de ocupación do tempo de lecer e o turismo.

Así mesmo, un dos principios básicos da autonomía dos centros é a posibilidade de utilizar as súas instalacións como recursos para a realización de actividades deportivas, artísticas e de estudo dentro dun concepto de servizos complementarios que mellore a oferta educativa.

Coa utilización das instalacións do centro, preténdese motivar o desenvolvemento de actividades deportivas, artísticas, relacionadas coa saúde, o lecer e o tempo libre, que proporcionen unha formación integral ao alumnado, que promovan estilos de vida saudables e que favorezan a actividade deportiva. Así mesmo, procurarase que o alumnado acade unha optimización dos tempos extraescolares para o desenvolvemento de habilidades, capacidades e competencias sociais que lles exige a realidade da nosa comunidade, ao mesmo tempo que se promove o esforzo compartido de toda a comunidade educativa de cara ao fomento do éxito escolar, e á redución do abandono temperán dos estudos da nosa mocidade.

Ao abeiro do convenio de colaboración suscrito o 26 de decembro de 2007 entre o Ministerio de Educación e Ciencia e a Comunidade Autónoma de Galicia para o plan de apoio á implantación da LOE, establécense actuacións dirixidas ao fomento do éxito escolar e accións de orientación e reforzo para reverter o fracaso escolar en alumnado con dificultades non detectadas ou detectadas tardiamente e escaso aprecio pola aprendizaxe. Tales accións desenvolveranse a través de convocatorias dirixidas aos centros educativos ou ben a concellos que se acollan ao programa.

Así pois, para dotar de eficacia o mencionado nos parágrafos anteriores establécese nesta orde un programa de axudas económicas dirixidas aos concellos coa finalidade de financiar, apoiar e potenciar a apertura de centros educativos fóra do horario lectivo.

Polo exposto, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases e convocar subvencións aos concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento do desenvolvemento do programa de aper-

tura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo, a través de calquera das seguintes modalidades:

a) Modalidade A: apoio a actividades saudables e de habilidades persoais que se desenvolvan en cada un dos centros participantes, dirixidas ao fomento de hábitos relacionados con estilos de vida e de alimentación saudables.

b) Modalidade B: apoio á mellora do éxito escolar e á prevención e intervención co absentismo e abandono temperán dos estudos. Estas actividades poderán celebrarse en varios centros, nun só centro nun centralizando a todo o alumnado participante, ou en instalacións que se consideren idóneas para facilitar a maior concorrencia de alumnado.

Artigo 2º.-Financiamento orzamentario.

1. As solicitudes de axuda reguladas nesta orde serán atendidas con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: 09.01.423A.460.0, ata un importe máximo de 800.000 € para accións da Modalidade A; 09.02.423B.460.1, un total de 1.000.000 € para actividades de fomento do éxito escolar; e a aplicación 09.02.423B.460.0, cun total de 650.005 € para accións de prevención do abandono temperán dos estudos.

2. O importe solicitado non poderá exceder do 80% do orzamento do proxecto presentado.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios deste programa todos os concellos de Galicia que contén no seu termo municipal cun ou máis centros docentes públicos.

2. En virtude do previsto no parágrafo 2º do artigo 8.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as agrupacións de concellos indicarán en anexo á súa solicitude os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención que se aplicará por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. O anexo deberá ser suscrito por quen exerza a representación legal da agrupación solicitante.

Artigo 4º.-Requisitos.

1. Os solicitantes deberán presentar un proxecto que inclúa actividades dunha ou das dúas modalidades previstas neste artigo e co programa de actividades que se detalla no artigo 5º desta orde.

2. No caso das actuacións encamiñadas a fomentar o éxito escolar e reducir o abandono temperán dos estudos deberán presentar a programación de polo menos dúas das actividades propostas no artigo 5º deste orde.

3. A participación no programa realizarase mediante proxectos elaborados entre o concello ou agrupacións de concellos para a modalidade B, e elaborados conxuntamente polo concello e os cen-

tros docentes do seu termo municipal para a modalidade A.

4. As actividades que formen parte dos proxectos deste programa irán encamiñadas preferentemente ao alumnado do propio centro docente, podendo estar tamén dirixidas ao alumnado doutros centros da contorna, dando conta do proxecto aos respectivos consellos escolares.

Artigo 5º.-Actividades subvencionables.

1. As actividades desenvolvidas como parte de calquera das modalidades do programa de apertura de centros fóra do horario lectivo serán de carácter educativo, deportivo, artístico, de lecer, de promoción da saúde, e de habilidades persoais, tal e como se detalla, sendo as áreas de actuación as seguintes:

A) Actividades saudables e de habilidades persoais dirixidas ao alumnado de educación infantil e primaria:

a) Desenvolvemento lúdico e deportivo.

Actividades deportivas orientadas a favorecer o desenvolvemento das destrezas e habilidades do alumnado, así como aquelas outras actividades que faciliten a participación do alumnado, como xogos de mesa, expresión corporal e musical, etc.

b) Desenvolvemento de habilidades persoais.

Obradoiros de habilidades sociais que permitan unha maior e mellor integración do alumnado co seu entorno social.

Actividades dirixidas ao alumnado beneficiario do servizo de comedor e/ou almorzo que lles permitan adquirir os bos hábitos alimentarios e comportamentos axeitados durante a comida.

c) Actividades de promoción da saúde.

Dirixidas ao alumnado beneficiario do servizo de comedor e/ou almorzo en centros escolares, e referidas basicamente á promoción dunha alimentación equilibrada e protección da saúde evitando o sedentarismo.

B) Actividades dirixidas ao alumnado de 5º e 6º da educación primaria, e 1º e 2º da ESO para o fomento do éxito escolar, das cales se seleccionarán polo menos tres:

a) Aulas de acompañamento e reforzo.

Dirixidas ao alumnado que presenta dificultades relacionadas coa ausencia de hábitos de traballo, escaseza de motivación, atraso no proceso de maduración persoal, aprendizaxe deficiente das áreas instrumentais e que por diversos motivos non pode recibir o apoio e reforzo que precisa no seo da súa familia. Pretende reforzar as competencias básicas, mellorar as habilidades e actitudes asociadas á lectura, reforzar a adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo, alentar ao estudo e poñer formas de traballo escolar eficaces.

b) Uso das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC).

Actividades para favorecer o uso de ferramentas multimedia que faciliten o acceso á sociedade da información. Obradoiros de selección e tratamento crítico da información: obradoiros de prensa, de radio, de vídeo, de fotografía, de uso da internet na procura de información, etc.

c) Comunicación, lectura e idiomas.

Actividades dirixidas a que o alumnado acade a competencia lingüística. Actividades dirixidas a favorecer os procesos de comprensión e expresión a través da estimulación oral, a lectura, o uso da linguaxe con fins artísticos: obradoiro de prensa, conta contos, libro forum, clubs de lectura, animación á lectura e uso da biblioteca; debates, obradoiros de escrita, elaboración de contos, poemas, anuncios publicitarios, etc.

Actividades destinadas a mellorar a competencia lingüística do alumnado en linguas estranxeiras: representacións ou dramatizacións, lectura e elaboración de guións, poemas, xogos de resposta física total, actividades en xeral atendendo a que a lingua vehicular debe ser a lingua estranxeira obxecto de aprendizaxe.

d) Desenvolvemento artístico.

Actividades artísticas orientadas a favorecer o desenvolvemento das destrezas perceptivas, a estimular a creatividade e sensibilidade artística, a potenciar a creación de agrupacións ou asociacións: actividades de expresión plástica, de teatro, de dramatización, de audiovisuais etc.

e) Desenvolvemento da autonomía persoal.

Actividades dirixidas a favorecer a mellora do autoconcepto, a formación de actitudes e valores individuais. Identificación, coñecemento e superación das fortalezas e debilidades persoais; xestión do tempo e dos recursos persoais.

A toma de decisións ante problemas da vida cotiá, preparación para a realización de tarefas habituais: xestión do orzamento propio, preparación de listas de tarefas, planificación do traballo, compra ecolóxica, fomento de actitudes de consumo responsable.

Obradoiros de desenvolvemento afectivo-sexual, de interculturalidade, de prevención do consumo de drogas, de seguridade viaria, etc.

f) Actividades de ciencia e/ou matemática divertida.

Actividades que lles permitan coñecer a base científica e/ou matemática de moitos feitos ou fenómenos presentes na vida cotiá do alumnado. Actividades sinxelas que permitan un achegamento á ciencia, actividades lúdicas que permitan a aplicación da matemática no día a día.

C) Actividades dirixidas ao alumnado de 5º e 6º de educación primaria e de 1º e 2º da ESO para a pre-

vención ou intervención ante o absentismo e abandono temperán dos estudos, das cales se seleccionarán tres:

a) Actuacións dirixidas á prevención e intervención ante o absentismo escolar.

Dinamización da elaboración de protocolos de actuación conxunta (centros educativos do concello, servizos sociais, ANPA, etc.), coa finalidade de establecer accións ante o absentismo escolar e reducir o abandono temperán.

b) Asesoramento e orientación para o retorno educativo.

Dar a coñecer vías que permitan o retorno ao sistema educativo. Asesoramento ao alumnado e familias sobre alternativas tales como ensino de adultos, á distancia, programas de cualificación profesional inicial (PCPI), etc. Establecemento dun punto de información de vías e opcións de estudos; bolsas de estudos e outras posibles axudas.

c) Redes de apoio multidisciplinares para a resolución pacífica de conflitos.

Establecer medidas que supoñan intervencións conxuntas ou interdisciplinares sobre todas aquelas problemáticas que, de xeito individual ou colectivo, poden ocasionar absentismo ou fracaso escolar.

d) Actividades extraescolares.

Poderán desenvolverse por zonas e priorizando:

a. Obradoiros de comunicación: acceso e procura da información, uso correcto de impresos, solicitudes, formularios, reclamacións e outros documentos que supoñan unha xestión administrativa.

b. Obradoiros de axuda á superación de dificultades persoais, de integración, de estudo, de relación, etc.

c. Obradoiros de cara á formación de actitudes e valores individuais.

2. Os concellos garantirán a conservación das instalacións educativas das que fagan uso, contarán cunha persoa coordinadora xeral do programa para o conxunto dos centros participantes e porán á disposición da comunidade educativa os medios precisos para o desenvolvemento das actividades que se leven a cabo no período comprendido desde o 1 de xaneiro ata o 1 de decembro de 2008.

3. Os gastos subvencionables son os gastos correntes e os de contratación de persoal técnico e especializado necesario para o desenvolvemento das actividades que se inclúan no proxecto e levadas a cabo no período anteriormente indicado. Para as actividades recollidas na alínea A deste artigo non se incluírán gastos de alimentación ou de persoal destinado á elaboración de menús.

Artigo 6º.-*Solicitudes e documentación necesaria.*

1. As solicitudes, segundo o modelo de instancia e máis os anexos que figuran nesta orde, xunto coa

documentación xustificativa correspondente, dirixíranse á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e presentaranse no rexistro xeral da consellería, edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou nos lugares que sinala o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14 de xaneiro), no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. En cumprimento do previsto polo artigo 14.1º.ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006; e no artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, mediante a presentación da solicitude de subvención a entidade solicitante presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que esta inclúa e faga públicos nos referidos rexistros e páxina web os datos relevantes relativos ás subvencións recibidas e ás sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse.

3. Xunto coa solicitude, da que se presentará unha copia en papel e outra en soporte óptico, deberá xuntarse a documentación que se relaciona a continuación:

a) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 7 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Declaración xurada de cumprimento das obrigas exixidas polo artigo 11 da Lei 9/2007, do 7 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Proxecto que inclúa as actividades especificadas no artigo 5º desta orde con detalle de como se van desenvolver, e o centro ou centros en que teñan lugar.

d) Orzamento total do proxecto con detalle dos custos de cada unha das actividades.

e) Acreditación da personalidade e o apoderamento suficiente e subsistente de quen actúa en nome e representación da entidade solicitante. Esta circunstancia farase constar mediante certificado expedido para tales efectos pola secretaría xeral da entidade solicitante e que, no suposto de agrupacións de concellos, deberá indicar que dispón de poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden a tal agrupación.

f) Certificado expedido pola secretaría da entidade solicitante en que se recolla o acordo do órgano

municipal competente de solicitar as subvencións previstas nesta orde e a concreta finalidade para a cal se solicitan.

g) Declaración do representante legal da entidade solicitante en que conste o conxunto das axudas, subvencións, recursos económicos ou ingresos, solicitados, aprobados, concedidos ou pendentes de resolución, para a mesma finalidade para a que solicita a subvención.

Artigo 7º.-*Prazo de presentación.*

O prazo de presentación de solicitudes para participar na convocatoria será dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación.

Artigo 8º.-*Instrución e tramitación do procedemento.*

1. Será competente para instruír o procedemento, así como para formular a correspondente proposta de resolución, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Os expedientes serán tramitados pola Subdirección Xeral de Ordenación da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A unidade encargada da xestión dos expedientes comprobará que as solicitudes cumpren co establecido nesta orde e, se é o caso, requirirá os interesados para que, no prazo de dez días, emenden as faltas ou acheguen os documentos preceptivos con indicación de que, se non o fixesen así, se lles terá por desistidos da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Os expedientes, unha vez revisados e, se é o caso, completados, remitiranse á comisión de avaliación, que terá a función de propoñer a aprobación ou denegación das subvencións, seguindo os criterios obxectivos recollidos no artigo 9º desta orde.

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, unha vez finalizado o estudo e valoración das solicitudes por unha comisión de avaliación, e antes de redactar a proposta de resolución, procederá a expoñer no portal educativo <http://www.edu.xunta.es>, na sección convocatorias, a proposta provisional que incluírá a cantidade asignada a cada concello e concederalles o prazo de dez días para que formulen alegacións e presenten os documentos e xustificantes que consideren pertinentes. Así mesmo, seralles comunicado a todos os solicitantes a través de correo electrónico.

3. Estudadas e valoradas as alegacións presentadas, a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria elevará proposta de resolución á

conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, indicando a concesión total ou parcial, ou a denegación das axudas solicitadas, e, de ser o caso, a exclusión daquelas entidades solicitantes que non reúnan algún dos requisitos da convocatoria.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Artigo 9º.-*Comisión de avaliación.*

1. Crearase unha comisión para valorar as solicitudes presentadas, e que estará composta como segue:

a) Presidencia: persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ou persoa en quen delegue.

b) Vogais:

a. Subdirectora xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

b. Xefa do Servizo de Ordenación e Innovación Educativa,

c. Xefe do Servizo de Recursos Educativos Complementarios,

d. Dous asesores técnicos da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

e. Secretario: un funcionario da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, con voz e sen voto.

2. A comisión valorará as solicitudes conforme o previsto no artigo 10º desta orde e emitirá unha proposta de concesión ou denegación de axuda aos concellos que conterà a seguinte información:

a) Relación de concellos para os cales se propón a denegación da axuda e causa de denegación.

b) Relación de concellos para os que se propón a concesión da axuda, indicando a finalidade concreta, o importe total da subvención proposta, e o importe correspondente a cada aplicación orzamentaria.

Artigo 10º.-*Criterios de valoración e de distribución de axudas.*

1. A comisión de avaliación procederá ao estudo das solicitudes dos concellos que cumpran os requisitos da convocatoria, tendo en conta os seguintes criterios:

a) Número de alumnado solicitante: ata 15 puntos.

b) Participación equitativa do alumnado dos diferentes centros: ata 5 puntos.

c) Calidade técnica e de definición do proxecto presentado: ata 15 puntos.

d) A vinculación coa problemática do contexto e/ou do contorno e coas características do alumnado: ata 10 puntos.

e) A duración das actuacións, garantía de estabilidade e de continuidade do proxecto: ata 15 puntos.

f) As canles, recursos e medios de difusión, comunicación e sensibilización á comunidade educativa dos obxectivos e accións do proxecto: ata 5 puntos.

g) A planificación da avaliación do propio proxecto para analizar o grao de consecución dos obxectivos previstos e proposta de mellora: ata 5 puntos.

h) A cualificación do persoal proposto tanto para coordinación do programa como para execución das distintas accións: ata 20 puntos.

i) Os mecanismos de coordinación entre os centros educativos de procedencia do alumnado e o concello: ata 10 puntos.

Todos os solicitantes que cumpran os requisitos da convocatoria recibirán unha cantidade proporcional á puntuación obtida. Para calcular a cantidade que recibirá cada solicitante, ratearase a cantidade global entre a suma de toda a puntuación acadada, para obter deste xeito a cantidade correspondente a cada punto, que será multiplicada en cada caso pola puntuación obtida.

Ningún concello recibirá unha dotación maior da solicitada.

A cantidade máxima que recibirá cada concello solicitante polo conxunto de actividades de fomento do éxito escolar e de prevención o absentismo e abandono escolar que realice non superará os 33.000 €.

Artigo 11º.-*Resolución.*

1. Será competente para ditar a resolución que proceda, a titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O prazo para ditar e notificar a resolución que proceda será seis meses, e contarase desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

2. A resolución favorable conterà, como mínimo, os seguintes puntos:

a) Finalidade concreta para a cal se concede.

b) Importe da subvención outorgada, e importe total do proxecto.

c) Calquera outra especificación que se considere oportuna en cada caso concreto; en especial, e tal e como determina o derradeiro parágrafo do artigo 8.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para o suposto de que a entidade beneficiaria sexa unha agrupación de concellos, deberán indicarse os compromisos de execución asumidos

por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención que se aplicará por cada un deles.

3. Transcorrido o prazo de seis meses sen que se lle notificase a resolución expresa, o solicitante poderá entender desestimada a súa solicitude, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. A resolución, ditada pola persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que incluíra os concellos -ou agrupacións de concellos- seleccionados, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas administrativas na Administración pública galega.

Artigo 12º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións dos expedientes tramitados ao abeiro do disposto nesta orde esgotarán a vía administrativa, polo que, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra delas poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se for expresa; se non o for, o prazo será de seis meses e, para a entidade solicitante, contarase a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Malia o anterior, por ter a recorrente a condición de Administración pública, poderá facer uso do requirimento previo a que alude o artigo 44 da antedita Lei 29/1998.

Artigo 13º.-*Compatibilidade.*

Estas axudas son compatibles co aproveitamento doutro tipo de axudas de institucións públicas ou privadas destinadas ao mesmo fin, sempre e cando o importe das subvencións, axudas, ingresos ou recursos non supere o custo das actividades subvencionadas, tal e como establece o artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 14º.-*Subcontratación.*

Para os efectos do previsto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autorízanse expresamente as entidades beneficiarias das subvencións previstas nesta orde para que subcontraten ata o 100% do importe dos traballos necesarios para realización das actividades susceptibles de seren subvencionados. Tal autorización considérase concedida sen prexuízo das previsións que establecen os números 3º e seguintes do devandito artigo 27.

Artigo 15º.-*Contía das subvencións.*

O importe das subvencións que se poidan conceder para a realización das actividades subvencionadas

estará determinado pola aplicación dos criterios de valoración establecidos no artigo 9º desta orde.

Artigo 16º.-*Pagamento das axudas.*

As cantidades concedidas con cargo ás aplicacións orzamentarias detalladas no artigo desta orde seranlles transferidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aos concellos unha vez feita a debida xustificación de gastos, no período correspondente ao exercicio económico 2008.

Artigo 17º.-*Xustificación da subvención.*

A xustificación dos gastos realizados polo concello para a posta en marcha do programa farase antes do 1 de decembro de 2008, tendo en conta que se deberá xustificar o 100% do custo das actividades subvencionadas, achegando a seguinte documentación á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa:

a) Certificación da intervención ou do órgano municipal que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade co detalle do custo das actividades, así como do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

b) Memoria das actividades realizadas e axustadas ao proxecto presentado na solicitude. Debe estar asinada polo representante legal do concello ou agrupación de concellos.

Non se realizará o pagamento da subvención de non cumprirse o estipulado no punto 7º do artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O incumprimento do prazo de xustificación dará lugar á perda do dereito de percibir a axuda outorgada.

Artigo 18º.-*Avaliación e seguimento.*

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria levará a cabo o seguimento e a avaliación das actividades e aplicación de fondos.

O incumprimento total ou parcial das condicións que se tiveron en conta para a súa concesión, poderá dar lugar á anulación ou modificación da contía do importe concedido.

Artigo 19º.-*Fiscalización e control.*

O beneficiario terá a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Os beneficiarios deberán dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento destas actividades que foron obxecto de subvención nos termos regulamentariamente establecidos.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para adoptar as medidas necesarias para a execución e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

Orde do 2 de xuño de 2008 pola que se actualiza a oferta de ciclos formativos polo réxime ordinario, por curso completo e en modalidade presencial, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aprobou o Estatuto de autonomía de Galicia, e o Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, recoñécenlle á nosa comunidade autónoma as competencias en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en todos os niveis e graos, modalidades e especialidades, consonte os preceptos emanados da Constitución e das leis que lle sexan de aplicación, competencias que foron asumidas polo Decreto 114/1982, do 1 de setembro, e asignadas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no seu artigo 2.

No marco destas competencias, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten propósito de actualizar a cualificación dos cidadáns e das cidadás, e persegue como un dos obxectivos básicos para a formación profesional o de dar unha resposta puntual e axeitada ás necesidades de formación profesional provenientes do mundo produtivo.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 39.2º que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar os alumnos e as alumnas para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poden producir ao longo da súa vida.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificación e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas.

Neste contexto, a necesidade de manter en todo momento actualizada a oferta educativa dos centros xustifica a súa revisión periódica, de xeito que o alumnado que remate o ensino secundario obrigato-

rio e as modalidades de bacharelato, así como as persoas adultas, posúan unha oferta de ciclos formativos de graos medio e superior diversificada e adaptada ás súas necesidades e ás demandas do mercado laboral.

De acordo co Decreto 585/2005, do 29 de decembro, DOG do 4 de xaneiro de 2006, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, tendo en conta o informe da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, e de conformidade coa proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Actualízase a oferta educativa dos ciclos formativos de formación profesional polo réxime ordinario, por curso completo en modalidade presencial, a partir do curso 2008-2009, nos centros relacionados no anexo. O Fondo Social Europeo cofinancia nun 80% os gastos de funcionamento e de profesorado naqueles ciclos formativos relacionados coa sociedade da información e da comunicación.

Segundo.-Requírese un número mínimo de oito solicitudes de matrícula admitidas por cada centro educativo nas cidades da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, e de seis solicitudes en cada centro do resto de Galicia, para cada un dos ciclos formativos de grao medio ou superior. Para estes efectos computarase o alumnado repetidor. Un número menor de solicitudes exige a autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para pór en funcionamento esta ensinanza e, mentres que non se dispoña desta autorización, non se poderá formalizar matrícula ningunha. A condición do número mínimo de alumnado débeseles comunicar ás persoas interesadas no momento da súa preinscripción.

Terceiro.-Naqueles centros en que estea autorizado máis dun grupo do mesmo ciclo deberán cubrir o total de prazas do primeiro grupo para poder optar á condición dun número mínimo de oito solicitudes de matrícula admitidas por cada centro educativo nas cidades da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, e de seis solicitudes en cada centro do resto de Galicia, para cada un dos ciclos formativos de grao medio ou superior no segundo grupo.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, e a Secretaría Xeral para tomaren as medidas precisas para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria